

**RESOLUCIÓN do 9 de abril do 2021, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se resolven as solicitudes para o acceso temporal ao ámbito da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira a diversas embarcacións.**

### Antecedentes.

**1.** Na reunión por videoconferencia do día 05/04/2021 o órgano de xestión, seguimento e control (en adiante Oxesco) da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira (en adiante Remip-Ría de Cedeira), acordouse que as peticións das embarcacións maiores de 1,5 GT ou menores de 1,5 GT que non teñan no seu permex a modalidade para a que pretendan faenar dispoñan do cambio temporal de modalidade.

**2.** O 26/02/2021 a Confraría de pescadores presenta as solicitudes das seguintes embarcacións para acceder á Remip coas seguintes modalidades e períodos:

Embarcación	Matrícula	Tipoloxía	Modalidade de solicitude	Período solicitado 2021
"O CANOURA"	3ª FE-5-1-16	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2021 – 31/12/2021 (ambos inclusive)
"ANXO MARÍA"	3ª FE-4-16-01	≤1,5 GT	Nasa centola	Dende a data desta resolución–30/06/2021 (ambos inclusive)
"GAVILÁN"	3ª FE-3-1632	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2021 – 31/12/2021 (ambos inclusive)
"CARMEN"	3ª FE-4-10-05	<1,5 GT	Nasa centola	Dende a data desta resolución–30/06/2021 (ambos inclusive)
"O MEIXÓN"	3ª CO-1-1-09	>1,5 GT	Nasa centola	Dende a data desta resolución–30/06/2021 (ambos inclusive)
"O MEIXÓN"	3ª CO-1-1-09	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2021 – 31/12/2021 (ambos inclusive)
"PLAYA DE SONREIRA"	3ª FE-4-2-07	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2021 – 31/12/2021 (ambos inclusive)
"ANGEL"	3ª FE-4-1-96	<1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2021 – 31/12/2021 (ambos inclusive)
"O GUERRERO"	3ª VI-3-1992	<1,5 GT	Palangrillo	Dende a data desta resolución–31/12/2021 (ambos inclusive)
"O FREDY"	3ª FE-5-1-15	>1,5 GT	Palangrillo	Dende a data desta resolución–31/12/2021 (ambos inclusive)

**3.** As seguintes embarcacións deberán solicitar da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica os seguintes cambios temporais de modalidade:

- "O CANOURA", "GAVILÁN" e "ANGEL" para nasa nécora-camarón.
- "ANXO MARÍA", "CARMEN" e "O MEIXÓN" para nasa centola.
- "O GUERRERO" para palangrillo.





## Consideracións legais e técnicas.

1. O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira (DOG núm. 33, do 17 de febreiro de 2009; corrección de erros DOG núm. 49, do 11 de marzo de 2009) establece, no seu artigo 4º, as actividades permitidas e limitacións no uso da reserva. Entre as actividades permitidas:

*“A) A pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona: anzóis, nasas, enmalle nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido no Plan de xestión integral a que se refire o artigo 7º.”*

2. O artigo 8º, no que se regulan as condicións de acceso ao ámbito da reserva mariña, establece que poderán exercer a pesca marítima profesional neste ámbito as embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1,5 GT. Non obstante, na epígrafe 3 do artigo 8º.1 tamén se determina:

*“[...]”*

*Co fin de adecuar as posibilidades reais de pesca ao estado dos recursos e ás características da frota, a dirección xeral competente en materia de recursos mariños, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, poderá autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT. En todo caso, respectaranse os fins perseguidos no ámbito da reserva e recollidos no artigo 1.2 deste decreto e teranse en conta os informes técnicos emitidos ao respecto.”*

3. A Orde do 18/08/2010 (DOG núm. 173, do 8 de setembro de 2010), pola que se regula o uso e xestión da Remip-Ría de Cedeira, define no seu artigo 4 os usos pesqueiros permitidos:

*“1. [...] poderán desenvolver a pesca marítima profesional nas áreas non delimitadas como reservas integrais e como zonas de protección especial, coas seguintes artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona:*

*a) Artes de anzol: liña/cordel e palangriño.*

*b) Nasas: nasa nécora, nasa polbo e nasa camarón.*

*c) [...]*

*Non obstante, nas augas continentais respectarase a normativa relativa ao uso e calamento das artes de anzol e enmalle.”*

4. O Plan de xestión integral para o ano 2021, aprobado pola Resolución do 09/12/2020 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica regula o uso das artes de enmalle, anzol e nasas e as principais pesqueiras con elas nas súas epígrafes 2.6.2.1, 2.6.2.2 e 2.6.2.3, respectivamente.



5. O 05/04/2021, na reunión do Oxesco, analizouse o informe do 18 de marzo do 2021 da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico de Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

6. O 05/04/2021, o Oxesco emitiu proposta favorable respecto as solicitudes presentadas polas embarcacións.

7. O artigo 11 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

De acordo con todo o anterior,

**RESOLVO:**

Autorizar o acceso temporal ao ámbito da Remip-Ría de Cedeira ás seguintes embarcacións coas modalidades e períodos que se indican a continuación:

Embarcación	Matrícula	Tipoloxía	Modalidade de solicitude	Período autorizado 2021
"O CANOURA"	3ª FE-5-1-16	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2021 – 31/12/2021 (ambos inclusive) <sup>1</sup>
"ANXO MARÍA"	3ª FE-4-16-01	≤1,5 GT	Nasa centola	Dende a data desta resolución–30/06/2021 (ambos inclusive) <sup>2</sup>
"GAVILÁN"	3ª FE-3-1632	≤1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2021 – 31/12/2021 (ambos inclusive) <sup>1</sup>
"CARMEN"	3ª FE-4-10-05	<1,5 GT	Nasa centola	Dende a data desta resolución–30/06/2021 (ambos inclusive) <sup>2</sup>
"O MEIXÓN"	3ª CO-1-1-09	>1,5 GT	Nasa centola	Dende a data desta resolución–30/06/2021 (ambos inclusive) <sup>2</sup>
"O MEIXÓN"	3ª CO-1-1-09	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2021 – 31/12/2021 (ambos inclusive)
"PLAYA DE SONREIRA"	3ª FE-4-2-07	>1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2021 – 31/12/2021 (ambos inclusive)
"ANGEL"	3ª FE-4-1-96	<1,5 GT	Nasa nécora e camarón	01/07/2021 – 31/12/2021 (ambos inclusive) <sup>1</sup>
"O GUERRERO"	3ª VI-3-1992	<1,5 GT	Palangrillo	Dende a data desta resolución–31/12/2021 (ambos inclusive) <sup>1</sup>
"O FREDY"	3ª FE-5-1-15	>1,5 GT	Palangrillo	Dende a data desta resolución–31/12/2021 (ambos inclusive)

<sup>1</sup> Sempre que teñan autorizado o cambio temporal de modalidade no período autorizado.

<sup>2</sup> Sempre que teñan autorizado o cambio temporal de modalidade no período autorizado, e ademais no caso de que a veda da centola na provincia da Coruña comece antes do 30/06/2021, deberán respectar a dita veda.



As embarcacións deberán cumprir as condicións establecidas na Orde do 18/08/2010 e no Plan de xestión integral aprobado para 2021 para as respectivas modalidades e pesqueiras autorizadas.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Mercedes Rodríguez Moreda

